

Anuncio da aprobación do plan económico financeiro do Concello de Betanzos para o período 2025-2026, por incumprimento en 2024 do obxectivo da estabilidade orzamentaria e da regra de gasto

O Concello de Betanzos en Pleno na sesión que tivo lugar o 6 de novembro de 2025 adoptou o acordo de aprobación do Plan Económico Financeiro, por incumprimento do obxectivo de regra de gasto e da estabilidade orzamentaria con motivo da liquidación do exercicio orzamentario 2024, cuxa vixencia será o ano en curso e o ano 2026. En cumprimento do previsto no artigo 26.1, do RD 1463/2007, de 2 de novembro, publícase no Boletín Oficial da Provincia da Coruña o texto íntegro do Plan a efectos meramente informativos, cuxo texto se transcribe a continuación:

"Expediente núm.: 2025/T016/000001

Procedemento: Plan Económico Financeiro

Asunto: Plan Económico Financeiro de Betanzos para o período 2025/2026

Documento asinado por: Alcaldía

PLAN ECONÓMICO-FINANCEIRO

INDICE

SITUACIÓN ACTUAL: DIAGNOSTICO ECONÓMICO-FINANCEIRO

- A.** Análise da estrutura económica do municipio: ingresos e gastos
- B.** Análise das principais variables financeiras
- C.** Conclusións e causas de incumprimento

PLAN ECONÓMICO-FINANCEIRO 2025-2026

I. Contido do Plan Económico Financeiro

II. Procedemento para a elaboración e aprobación do Plan Económico Financeiro

III. Diagnóstico da situación actual e proxección de ingresos e gastos sen medidas

IV. Medidas concretas que se propoñen para o Plan Económico Financeiro no período 2025-2026.

V. Conclusións

SITUACIÓN ACTUAL: DIAGNÓSTICO ECONÓMICO-FINANCEIRO

A. Análise da estrutura económica do municipio: ingresos e gastos

Para levar a cabo o estudo da estrutura económica deste concello analízanse os datos de liquidación dos 3 exercicios económicos anteriores, que son 2022, 2023 e 2024, xa que a análise do tres últimos anos permite obter a información necesaria para determinar, no seu caso, as causas que levaron ao incumprimento das variables estabilidade orzamentaria/regra de gasto.

A.1 INGRESOS

A.1.1 Totais

CAPÍTULO	INGRESOS	LIQUIDACIÓN N 2022	LIQUIDACIÓN N 2023	LIQUIDACIÓN N 2024
1	Impostos directos	3.661.972,99	3.920.045,13	4.106.082,06
2	Impostos indirectos	80.902,34	117.805,78	139.387,31
3	Taxas e outros ingresos	888.354,63	1.545.139,50	996.217,74
4	Transferencias correntes	5.222.848,77	5.981.123,04	7.121.126,17
5	Ingresos patrimoniais	10.069,61	3.172,58	135.214,41
6	Alleamento de investimentos			
7	Transferencias de capital	712.854,35	3.003.710,50	4.608.197,54
8	Activos financeiros	5.876,77	10.265,95	18.770,44
9	Pasivos financeiros	228.415,18	42.560,26	4.173.828,33
	TOTAIS	10.811.294,64	14.623.822,74	21.298.824,00

O total de recursos liquidados deste concello, que no último ano liquidado 2024 situouse en 21.298.824,00€ euros, experimentou un aumento ao longo do período obxecto de análise, acumulando un incremento do 97%.

O capítulo de ingresos máis importante, de carácter ordinario, é o capítulo 1 de ingresos, pois representa o 19,28% do total de ingresos do municipio.

A.1.2 Capítulos económicos máis representativos.

No exercicio 2024, o capítulo 7 de ingresos incluíría de xeito excepcional os ingresos relativos aos Fondos Next Generation.

O notable incremento do capítulo 9 no exercicio 2024 foi debido a inclusión do Concello de Betanzos no Procedemento de Pago a Proveedores 2024 (Acuerdo de la Comisión Delegada del Gobierno para Asuntos Económicos del 24 de junio de 2024), modalidade de adhesión obligatoria por importe de 2.594.590,62€. Este feito unido a non aprobación do Plan de Axuste supón que no exercicio 2025 a devolución das ditas cantidades se está a realizar mediante a modalidade de retención nos pagos realizados á entidade local en concepto de Participación nos Tributos do Estado.

A.1 GASTOS

A.2.1 Totais

CAPÍTULO	GASTOS	LIQUIDACIÓN 2022	LIQUIDACIÓN 2023	LIQUIDACIÓN 2024
1	Gastos de persoal	5.145.891,42	5.104.215,14	5.961.220,00
2	Compra de bens e servizos	4.182.174,76	4.751.494,37	8.207.202,35
3	Gastos financeiros	4.989,74	3.961,53	16.201,62
4	Transferencias correntes	795.432,39	413.156,14	752.622,33
5	Fondo de Contigencia			
6	Investimentos reais	1.937.041,17	2.089.546,46	3.577.557,98
7	Transferencias de capital	104.714,00	27.754,40	13.259,00
8	Activos financeiros	15.751,31	24.732,31	15.940,26
9	Pasivos financeiros			39.918,83
	TOTAIS	12.185.994,79	12.414.860,35	18.583.922,37

No ano 2024 dáse un nivel de gastos de 18.583.922,37 € posto que foron aplicadas ao orzamento todas as facturas incluídas no Procedemento de Pago a Proveedores 2024. Os gastos de maior importancia son os incluídos no Capítulo 2 de Gastos correntes e de servizos, debido fundamentalmente a que as facturas pendentes de aprobar se correspondían con este tipo de gastos.

A.2.2 Capítulos económicos máis representativos.

A cifra de gastos por gastos de persoal aumenta no 2024, pasando dos 5.104.215,14€ aos 5.961.220,00 €. Este incremento ten a súa orixe, en parte, ao incremento do gasto na aplicación de persoal laboral temporal.

O notable incremento das obrigacións recoñecidas por investimentos no exercicio 2024 débese ás obras e subministros financiados a través dos Fondos Next Generation. [...]

B. Análise das principais variables financeiras a considerar neste Plan Económico Financeiro

Para completar o estudo da estrutura económica deste concello analízase a evolución das principais variables financeiras que aquí interesan, nos 3 últimos exercicios liquidados, 2022, 2023 e 2024.

B.1 Remanente de Tesouraría

	Liquidación 2022	Liquidación 2023	Liquidación 2024
Remanente Líquido de Tesouraría para Gastos Xerais	629.145,18 €	1.182.596,54 €	1.364.179,13 €

O Remanente de Tesouraría é un indicador da liquidez da entidade. Cando mostra valores positivos é un excedente financeiro acumulado dispoñible para financiar gastos de exercicios futuros.

B.2 Estabilidad Orzamentaria

Exercicio 2022

Entidad	Ingreso no financiero	Gasto no financiero	Ajustes propia Entidad	Ajustes por operaciones internas	Capac./Nec. Financ. Entidad
11-15-009-AA-000 Betanzos	10.577.002,69	12.170.243,48	-1.168.276,82	0,00	-2.761.517,61

Exercicio 2023

Entidad	Ingreso no financiero ⁽¹⁾	Gasto no financiero ⁽¹⁾	Ajuste S.Europeo Cuentas		Capac./Nec. Financ. Entidad
			Ajustes propia Entidad ⁽²⁾	Ajustes por Operaciones Internas	
11-15-009-AA-000 Betanzos	14.570.996,53	12.390.128,04	-3.272.548,71	0,00	-1.091.680,22

Exercicio 2024

Entidad	Ingreso no financiero ⁽¹⁾	Gasto no financiero ⁽¹⁾	Ajuste S.Europeo Cuentas		Capac./Nec. Financ. Entidad
			Ajustes propia Entidad ⁽²⁾	Ajustes por Operaciones Internas	
11-15-009-AA-000 Betanzos	17.106.225,23	18.528.063,28	1.001.770,23	0,00	-420.067,82
11-00-097-HH-000 F. Globo de San Roque	20.000,00	19.698,79	0,00	0,00	301,21

Necesidad Financiación da Corporación Local: -419.766,61€

B.3 Regra de Gasto

Exercicio 2022

Entidad	Gasto computable Liq.2021 sin IFS (GC2021) (1)	Gasto inversiones financieramente sostenibles (2021) (11)	(2)= ((1)-(11))*(1+TRCPIB)	Aumentos/ disminuciones (art. 12.4) Pto.Act. 2022 (IncNorm2022) (3)	Gasto inversiones financieramente sostenibles (2022) (4)	Límite de la Regla Gasto (5)=(2)+(3)	Gasto computable Liquidación 2022 (GC2022) (6)
11-15-009-AA-000 Betanzos	8.594.837,33	0,00		-1.881,56	0,00		10.518.857,48
Total de gasto computable	8.594.837,33	0,00		-1.881,56	0,00		10.518.857,48

Exercicio 2023

Entidad	Gasto computable Liq.2022 sin IFS(GC2022) ⁽¹⁾	Gasto inversiones financieramente sostenibles (2022) ⁽¹¹⁾	(2)=((1)-(11))*(1+TRCPIB)	Aumentos/disminuciones (art. 12.4) Pto.Act. 2023 (IncNorm2023) ⁽³⁾	Gasto inversiones financieramente sostenibles (2023) ⁽⁴⁾	Límite de la Regla Gasto ⁽⁵⁾⁼⁽²⁾⁺⁽³⁾	Gasto computable Liquidación 2023 (GC2023) ⁽⁶⁾
11-15-009-AA-000 Betanzos	10.518.857,48	0,00		0,00	0,00		10.386.706,13
Total de gasto computable	10.518.857,48	0,00		0,00	0,00		10.386.706,13

Exercicio 2024

Entidad	Gasto computable Liq.2023 sin IFS(GC2023) ⁽¹⁾	Gasto inversiones financierament e sostenibles (2023) ⁽¹¹⁾	⁽²⁾ =(1)- ⁽¹¹⁾⁾ *(1+TRCPIB)	Aumentos/ disminuciones (art. 12.4) Pto.Act. 2024 (IncNorm2024) ⁽³⁾	Gasto inversiones financierament e sostenibles (2024) ⁽⁴⁾	Límite de la Regla Gasto ⁽⁵⁾⁼⁽²⁾⁺⁽³⁾	Gasto computable Liquidación 2024 (GC2024) ⁽⁶⁾
11-15-009-AA-000 Betanzos	10.386.706,13	0,00	10.656.760,49	120.897,18	0,00	10.777.657,67	12.077.667,94
11-00-097-HH-000 F. Globo de San Roque	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	0,00	19.698,79
Total de gasto computabl e	10.386.706,13	0,00	10.656.760,49	120.897,18	0,00	10.777.657,67	12.097.366,73

$TRCPIB = 2,60\%$

Diferencia entre el "Límite de la Regla del Gasto" y el "Gasto computable Liq.2024" (GC2024) ^{(5)- (6)}	-1.319.709,06€
--	----------------

C. Conclusións Estrutura Económica

Deberá terse en conta que a avaliación das regras fiscais conforme determina a LOEPSF realízase de forma consolidada, é dicir, avaliando o grupo sectorizado como Administración Pública. Polo tanto, a partir do exercicio 2024, deberá terse en conta para a realización do Plan Económico Financeiro os datos do grupo que forme parte do perímetro de consolidación en termos de Contabilidade Nacional. No caso do Concello de Betanzos, o dito perímetro de consolidación estaría integrado polo propio concello e a Fundación Globo de San Roque.

1. Variables económicas no 2024:

- a. Estado da liquidación de ingresos: 21.298.824,00 €
- b. Estado da liquidación de gastos: 18.583.922,37 €
- c. Remanente de Tesouraría: 1.364.179,13 €
- d. Estabilidade Orzamentaria: -419.766,61€
- e. Regra do gasto: -1.319.709,06€

O artigo 3 da Lei Orgánica 2/2012 regula, con carácter xeral, o principio de estabilidade orzamentaria, e ven a establecer que *“a elaboración, aprobación e execución dos Orzamentos que afecten aos gastos ou ingresos dos distintos suxeitos comprendidos no ámbito de aplicación desta Lei realizarase nun marco de estabilidade orzamentaria, coherente coa normativa europea”*. E defínese a estabilidade orzamentaria das Administracións Públicas como a situación de equilibrio ou superávit estrutural.

O artigo 11 desta norma, ven a instrumentar tal principio de estabilidade orzamentaria ao fixar que tanto a elaboración, como a aprobación e a execución dos Orzamentos e demais actuacións que afecten aos gastos ou ingresos das Administracións Públicas someteranse ao principio de estabilidade orzamentaria. E o artigo 12 adicado á regra de gasto, fixa como a variación do gasto computable das Corporacións Locais non poderá superar a taxa de referencia do crecemento do PIB de medio prazo da economía española.

Non obstante, cando exista un desequilibrio estrutural nas contas públicas ou unha débeda pública superior ao obxectivo establecido, o crecemento do gasto público computable axustarase á senda establecida nos respectivos plans económico-financeiros e de reequilibrio previstos nos artigos 21 e 22 da LOEPSF.

Así, o artigo 21 da Lei Orgánica 2/2012, modificado pola Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, de control da débeda comercial no sector público, indica que en caso de incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, do obxectivo de débeda pública ou da regra de gasto, a Administración incumpridora formulará un plan económico-financeiro que permita no ano en curso e no seguinte o cumprimento dos obxectivos ou da regra de gasto, co contido e alcance previstos neste artigo.

En base ao disposto no artigo 12 da LOEPSF, nos seus apartados 2 e 3, relativos á definición de gasto computable e á competencia do Ministerio de Economía e Competitividade para calcular a taxa de referencia do crecemento do PIB de medio prazo para a economía española, de acordo coa metodoloxía empregada pola Comisión Europea en aplicación da súa normativa, tal taxa será obxecto de publicación e será a referencia a ter en conta polas Corporacións Locais na elaboración dos seus respectivos orzamentos.

Centrándonos xa no límite da regra de gasto, cómpre sinalar que para o conxunto das

administración públicas, a taxa de referencia a ter en conta para o ano 2024, a efectos de calcular a regra de gasto, foi do 2,60%. Esta taxa sitúase no 3,20 para o exercicio 2025 e no 3,30 para o 2026.

Por outra parte, con motivo da elaboración e aprobación da Liquidación do exercicio 2024 a Intervención municipal levou a cabo a emisión dos informes correspondentes ao cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria e da regra de gasto. E de tales informes conclúese o seguinte, tal e como amosan as variables económicas relacionadas en parágrafos anteriores:

1º.- O concello de Betanzos non cumpre o obxectivo de estabilidade orzamentaria, e de feito presenta necesidade de financiamento por importe de -420.067,82€. E tendo en conta á Fundación Globo de San Roque a necesidade de financiamento ascendería a -419.766,61€.

2º.- O concello de Betanzos incumpe o límite da regra de gasto nun importe de 1.300.010,27€. E tras considerar á Fundación Globo de San Roque o incumprimento ascendería 1.319.709,06€.

En consecuencia, e ante tales incumprimentos dos principios de estabilidade orzamentaria e de regra de gasto, a aplicación da Lei Orgánica 2/2012, de Estabilidade Orzamentaria e Sostenibilidade Financeira fai necesario a elaboración dun plan económico financeiro que lle permita ao concello recuperar a situación de equilibrio.

2. Causas e xustificación do incumprimento:

Da análise da información anterior despréndese que as causas que levaron a este concello a incumprir as variables estabilidade orzamentaria/regra do gasto son as que se enumeran a continuación:

1 Por modificacións presupostarias financiadas con exceso de financiación afectada e con Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais.

2 Por facturas incluídas na conta (413)

3 Pola inclusión do Concello de Betanzos no Procedemento de Pago a Proveedores 2024 (Acuerdo de la Comisión Delegada del Gobierno para Asuntos Económicos del 24 de junio de 2024), modalidade de adhesión obligatoria.

4 Incremento do gasto de persoal

Tal e como se pon de manifesto nas conclusións da estrutura económica, propónse ao Pleno desta Corporación a aprobación do presente plan económico financeiro, de formulación obrigada, xa que o resultado da avaliación do cumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e da regra de gasto efectuado pola Intervención municipal en relación ao expediente da liquidación do exercicio 2024, foi o incumprimento de ambos.

1 Dous dos motivos do incumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e regra de gasto, foron a utilización do remanente de tesourería como fonte de financiación, tanto o compoñente integrado polo exceso de financiación afectada, como o RLTXG derivado da Liquidación do exercicio 2024. Estes dous recursos financeiros foron utilizados para financiar una serie de modificacións orzamentarias.

No primeiro caso trátase de gastos que contan con financiamento afectado e a utilización do Remanente de Tesorería para gastos con financiación afectada situouse en 2.250.360,52 €.

No segundo caso a utilización do RLTXG en modificacións orzamentarias ascenderían a 1.182.596,54€. Deste importe foi destinado un importe de 583.816,79€ á aprobación de expedientes de recoñecemento extraxudicial e aprobar así as facturas presentadas no exercicio 2024 e sen crédito suficiente para a súa aprobación.

Tamén se dotou crédito mediante os correspondentes expedientes de modificacións orzamentarias de incorporación de remanentes para financiar a parte da achega municipal en proxectos que contan con financiamento afectado tales como a Rehabilitación do Mercado e o proxecto de Comercio Sostible, Rehabilitación e impermeabilización da Praza do Emigrante e o programa Aprox Rural 2023-2024.

2 O incumprimento tamén veu motivado, en parte, polo importe de facturas pendentes de aprobación a 31 de decembro de 2024 por falta de crédito orzamentario, é dicir, en base ao saldo da conta 413. O saldo da conta 413 a 31 de decembro de 2024 ascende a 369.416,55€. A este saldo habería que unir o movemento do saldo da conta 413 durante o exercicio 2024 derivado da inclusión do Concello de Betanzos no Procedemento de Pago a Proveedores 2024 (Acuerdo de la Comisión Delegada del Gobierno para Asuntos Económicos del 24 de junio de 2024), modalidade de adhesión obligatoria que se relaciona co seguinte punto.

3 Un motivo do incumprimento dos principios de estabilidade orzamentaria e regra de gasto, relacionado co punto anterior, foi a aplicación das facturas incluídas no Procedemento de Pago a Proveedores 2024 por un importe total de 2.594.590,62€. A aplicación destas facturas foi esixida polo propio mecanismo ao adiantar o seu abono polo Ministerio de Facenda e realizándose a súa devolución no exercicio 2025 a través da retención na Participación dos Tributos do Estado.

4 Por último e en menor medida, o incremento do capítulo 1 de gastos de persoal nos tres últimos exercicios e o incremento do capítulo 4 respecto do exercicio 2023.

Estes catro foron os motivos principais de que non existise capacidade de financiamento, senón necesidade, e de que o gasto computable derivado da Liquidación do exercicio 2024 superase en mais da porcentaxe permitida o gasto computable

derivado da Liquidación do exercicio 2023 acadando a variación do gasto computable unha porcentaxe superior ao fixado para esta anualidade: 2,6%.

Segundo a modificación introducida pola Lei Orgánica 9/2013, de 20 de decembro, en caso de incumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria, do obxectivo de débeda pública ou da regra de gasto, a Administración incumpridora formulará un plan económico financeiro que permita no ano en curso e no seguinte o cumprimento. En consecuencia, este concello, e así queda reflectido no presente plan, deberá volver á situación de equilibrio con data máxima o 31 de decembro de 2026. Este é, pois, o horizonte temporal deste plan.

PLAN ECONÓMICO-FINANCEIRO 2025-2026

I. CONTIDO DO PLAN ECONÓMICO FINANCEIRO

Segundo o artigo 21 da LOEPSF, o plan económico financeiro conterá, como mínimo, a seguinte información:

- a) As causas do incumprimento do obxectivo de establecido ou, no seu caso, do incumprimento da regra de gasto.
- b) As previsións tendenciais de ingresos e gastos, baixo o suposto de que non se producen cambios nas políticas fiscais e de gastos.
- c) A descrición, cuantificación e o calendario de aplicación das medidas incluídas no plan, sinalando as partidas orzamentarias ou rexistros extraorzamentarios nos que se contabilizarán.
- d) As previsións das variables económicas e orzamentarias das que parte o plan, así como os supostos sobre os que se basan estas previsións, en consonancia co contemplado no informe ao que se fai referencia no apartado 5 do artigo 15
- e) Unha análise de sensibilidade considerando escenarios económicos alternativos.

Ademais, a Lei 27/2013, de 27 de decembro, de racionalización e sostenibilidade da Administración Local incluíu un novo artigo 116.bis na Lei de Bases de Réxime Local que no seu apartado segundo ven a establecer o contido adicional que o plan debe presentar, por canto que deberá tamén incluír a lo menos algunha das seguintes medidas:

- a) Supresión das competencias que exerza a Entidade Local que sexan distintas das propias e das exercidas por delegación.
- b) Xestión integrada ou coordinada dos servizos obrigatorios que presta a Entidade Local para reducir custes.
- c) Incremento de ingresos para financiar os servizos obrigatorios que presta a Entidade Local para reducir os seus custes.
- d) Racionalización organizativa.
- e) Supresión de entidades de ámbito territorial inferior ao municipio que, no exercicio orzamentario inmediato anterior, incumpran co obxectivo de estabilidade orzamentaria ou co obxectivo de débeda pública ou que o período medio de pago a provedores supere en máis de trinta días o prazo máximo previsto na normativa de morosidade.
- f) Unha proposta de fusión cun municipio colindante da mesma provincia.

II. PROCEDEMENTO PARA A ELABORACIÓN E APROBACIÓN DO PLAN ECONÓMICO FINANCEIRO

Segundo o previsto no artigo 23 da LOEPSF os plans económico financeiros elaborados polas Corporacións Locais deberán ser aprobados polo Pleno municipal, tendo en conta a aplicación do seguinte calendario:

1º O plan ten que ser presentado ante o Pleno municipal no prazo máximo dun mes dende que se constate o incumprimento.

Neste caso, e dado que o informe de Intervención do 10 de marzo de 2025 que pon de manifesto o incumprimento así como o Decreto de Alcaldía no que se aproba a liquidación do orzamento do exercicio 2024 que reflexa o mesmo, ten data de 17 de marzo de 2025, a data máxima para presentar o plan ao Pleno municipal, en principio, sería o 17 de abril de 2025. Non obstante, o 9 de abril foi emitido o informe sobre a prórroga do presuposto general para o exercicio 2025 do Concello de Betanzos, informe previo, preceptivo e vinculante do Ministerio de Facenda, en cumprimento da lexislación aplicable a este concello en materia económico-presupostaria ao estar acollido ás medidas aprobadas por este Ministerio. O dito informe esixía unha serie de medidas e observacións de carácter obrigatorio que deberían adoptarse. As ditas medidas foron aprobadas por Decreto de Alcaldía do 9 de maio do 2025 e inflúen nas medidas a adoptar neste Plan Económico Financeiro.

2º O plan deberá ser aprobado polo Pleno municipal no prazo máximo de dous meses dende a súa presentación.

3º A posta en marcha do plan non poderá exceder de tres meses dende a constatación do incumprimento.

4º O plan deberá ser remitido á Comunidade Autónoma (no caso deste Concello á Dirección Xeral de Política Financeira e Tesouro) e o Ministerio de Facenda e Administracións Públicas a través da plataforma habilitada o efecto na Oficina Virtual de Entidades Locais do mencionado Ministerio.

5º O plan deberá ser tamén remitido á Comisión Nacional da Administración Local para o seu coñecemento.

6º A este plan haberá que darlle a mesma publicidade que a establecida polas leis para os Orzamentos da entidade.

III. DIAGNÓSTICO DA SITUACIÓN ACTUAL E PROYECCIÓN DE INGRESOS E GASTOS SEN MEDIDAS

Con respecto ao diagnóstico da situación actual consta na primeira parte deste documento. Unicamente engadir, que a partir deste momento unicamente consideraranse medidas sobre o Concello de Betanzos. O importe das cifras relativas á Fundación Globo de San Roque non afectarían ao resultado final polo que non terían un interés significativo. Polo que a continuación realízase a proxección das cifras de

previsión de liquidación de ingresos e gastos para o exercicio corrente e o seguinte sen tomar ningún tipo de medida correctora.

CONCELLO DE BETANZOS

CAPÍTULO	INGRESOS	EXERCICIO 2025	EXERCICIO 2026
1	Impostos directos	4.013.063,60	4.013.063,60
2	Impostos indirectos	165.000,00	165.000,00
3	Taxas e outros ingresos	1.270.678,62	1.270.678,62
4	Transferencias correntes	6.551.124,61	6.551.124,61
5	Ingresos patrimoniais	69.193,50	69.193,50
6	Alleamento de investimentos		
7	Transferencias de capital	3.805.954,02	3.805.954,02
8	Activos financeiros	14.518,20	14.518,20
9	Pasivos financeiros	1.663.868,57	1.663.868,57
	TOTAIS	17.553.401,10	17.553.401,10

Os ingresos do municipio proxéctanse tendo en conta as premisas marcadas polo Ministerio de Facenda e o artigo 45.4 b) do Real decreto lei 17/2014, do 26 de decembro, de medidas de sostenibilidade financeira das comunidades autónomas e entidades locais e outras de carácter económico. Basicamente a media da recadación e a realización de dereitos nos dous exercicios anteriores.

CAPÍTULO	GASTOS	EXERCICIO 2025	EXERCICIO 2026
1	Gastos de persoal	6.007.837,31	6.158.033,24
2	Compra de bens e servizos	5.950.000,00	5.950.000,00
3	Gastos financeiros	130.000,00	120.000,00
4	Transferencias correntes	614.262,30	615.000,00
5	Fondo de Contigencia		
6	Investimentos reais	2.600.000,00	2.600.000,00

7	Transferencias de capital	13.259,00	13.259,00
8	Activos financeiros	15.940,26	15.940,26
9	Pasivos financeiros	311.822,17	291.346,25
	TOTAIS	15.643.121,04	15.763.579,45

Os gastos do municipio proxéctanse tendo en conta as seguintes premisas:

- O capítulo 1 de gastos ten en conta as obrigas recoñecidas ata este momento e a simulación realizada a través do programa de nóminas. De cara ao exercicio 2026 aplícase un incremento do 2,5%.
- O capítulo 2 de gastos correntes parte das obrigas recoñecidas e as facturas pendentes de aprobar. Por outra banda, tense en conta que o último trimestre do ano conleva un crecemento do gasto. O mesmo razoamento aplícase aos capítulos 4 e 6 de gastos, se ben nos investimentos elimínase parte do efecto dos investimentos financiados a través de Fondos Next Generation.
- Os capítulos 3 e 9 teñen en conta o Estado da débeda do 2025 onde se recollen os intereses da operación concertada coa entidade financeira, Banco Sabadell, e unha estimación dos relativos ao Fondo Estatal de Financiamento, entre outros. O capítulo 9 considera tamén a devolución dos préstamos concedidos por outras administracións pero que non conlevan interés.

IV. MEDIDAS CONCRETAS QUE SE PROPOÑEN PARA O PLAN ECONÓMICO FINANCEIRO NO PERÍODO 2025-2026.

Para o ano 2025 e 2026, as medidas que se propoñen adoptar serían as seguintes:

- Dar máxima importancia ao principio de anualidade orzamentaria, de xeito tal que se porá todo o empeño posible para que todos os gastos correspondentes ao ano en curso sexan executados íntegramente durante o mesmo ano.
- No capítulo 1 de Gastos de Persoal existen unha serie de postos vacantes que non se cubrirán ao longo do exercicio 2025 e aparecen recollidos no anexo de persoal. Con relación a postos de natureza funcional trátase de catro postos de auxiliar administrativo/a, o que suporá un aforro de 96.354,67€.
- Con relación ao persoal laboral, estímase un aforro de 121.159,97€ ao non cubrirense os postos relativos a peóns e arqueólogo/a.
- No caso de existir a finais do presente exercicio 2025 facturas pendentes de aplicar ao orzamento por falta de crédito, o importe que se fixa como límite será o saldo inicial da

conta 413 no exercicio 2025 (369.416,55€). Deste xeito elimínase o efecto dos axustes SEC nas magnitudes de estabilidade presupostaria e sostenibilidade financeira.

- Manter o período medio de pago (PMP) por debaixo do límite legal de 30 días, previsto segundo o Real Decreto 635/2014, de 25 de xullo, polo que se desarrolla a metodoloxía de cálculo do período medio de pago a provedores das Administracións Públicas.
- Limitar a utilización do Remanente de Tesourería para o financiamento de gastos (tanto o Exceso de Financiamento Afectado como o Remanente Líquido de Tesourería).
- Xestionar o orzamento do exercicio 2025 coa máxima atención ao cumprimento da estabilidade e da regra de gasto.
- Dende o punto de vista dos ingresos, modificarase a Ordenanza fiscal reguladora do Imposto sobre Actividades Económicas, co obxecto de actualizar os coeficientes e situación e se aproba un rúeiro fiscal. Isto suporá un incremento da recadación de cara ao exercicio 2026 de 264.788,14€.

O capítulo 5 de ingresos, no exercicio 2025, incrementará en 37.384,47€ tendo como motivo a posta ao día da concesión do dereito de superficie da parcela 121 do Plan Parcial do Pasatempo, así como a súa prórroga.

No exercicio 2025 espérase un aumento considerable do capítulo 3 de Taxas e outros ingresos. O incremento deriva da posta ao día dos padrones dos postos de Fería (41.000,00€) e os ingresos derivados do contrato da piscina municipal como compensación ao Concello de Betanzos polo número de usuarios (150.133,89€).

Por último, o capítulo 3 de ingresos, no exercicio 2026, estímase que aumentará en 273.427,20€ co cambio de xestión do comedor escolar. Será o Concello de Betanzos a entidade que recada os ingresos derivados da ordenanza reguladora da prestación patrimonial de carácter público non tributario pola prestación dos servizos de comedor escolar e de madrugadores no Colexio CEIPo Francisco Vales Villamarín aprobada na sesión plenaria do 24 de maio de 2025.

- Aprobar o Orzamento do exercicio 2026 cumprindo o obxectivo de estabilidade orzamentaria e da regra de gasto.

A continuación preséntase un cadro resumo das medidas a aplicar e cuantificables:

RESUMO MEDIDAS		
	EXERCICIO 2025	EXERCICIO 2026
Medidas de gastos		
Betanzos	217.514,64 €	0,00 €
	0,00 €	0,00 €

Fundación Globo San Roque	0,00 €	0,00 €
-	0,00 €	0,00 €
TOTAL MEDIDAS GASTOS	217.514,64 €	0,00 €

Medidas de gasto corriente		
Betanzos	217.514,64 €	0,00 €
	0,00 €	0,00 €
Fundación Globo San Roque	0,00 €	0,00 €
-	0,00 €	0,00 €
TOTAL MEDIDAS GASTO CORRENTE	217.514,64 €	0,00 €

Medidas de ingresos		
Betanzos	228.518,36 €	538.215,34 €
	0,00 €	0,00 €
Fundación Globo San Roque	0,00 €	0,00 €
-	0,00 €	0,00 €
TOTAL MEDIDAS INGRESOS	228.518,36 €	538.215,34 €

Medidas de ingreso corriente		
Betanzos	228.518,36 €	538.215,34 €
	0,00 €	0,00 €
Fundación Globo San Roque	0,00 €	0,00 €
-	0,00 €	0,00 €
TOTAL MEDIDAS INGRESO CORRENTE	228.518,36 €	538.215,34 €

Con todo o anterior, preténdese alcanzar coa liquidación do exercicio 2025 de novo a situación de equilibrio e mantelo durante o exercicio 2026. Así queda acreditado nos seguintes cadros que recollen a previsión tendencial con medidas:

ESTABILIDADE ORZAMENTARIA

Entidade		Exercicio 2025		
Código	Denominación	Capacidade/ necesidade financiamento tendencial	Efecto medidas do PEF	Capacidade/ necesidade financiamento PEF
11-15-009-AA-000	Betanzos	1.244.655,73 €	446.033,00 €	1.690.688,73 €
		0,00 €	0,00 €	0,00 €
11-00-097-HH-000	Fundación Globo San Roque	301,21 €	0,00 €	301,21 €
		0,00 €	0,00 €	0,00 €
TOTAL		1.244.956,94 €	446.033,00 €	1.690.989,94 €

Entidade		Exercicio 2026		
Código	Denominación	Capacidade/ necesidade financiamento tendencial	Efecto medidas do PEF	Capacidade/ necesidade financiamento PEF
11-15-009-AA-000	Betanzos	583.722,09 €	538.215,3 4 €	1.121.937,43 €
		0,00 €	0,00 €	0,00 €
11-00-097-HH-000	Fundación Globo San Roque	301,21 €	0,00 €	301,21 €
		0,00 €	0,00 €	0,00 €
TOTAL		584.023,30 €	538.215,3 4 €	1.122.238,64€

REGRA DE GASTO

Entidade		Exercicio 2025		
Código	Denominación	Estimación de Gasto Computable a liquidación aplicadas as medidas do PEF	Límite da regra de gasto do PEF	Cumprimento /incumplimento regula gasto PEF
11-15-009-AA-000	Betanzos	12.368.009,90 €	12.464.153,31 €	96.143,41 €
			0,00 €	0,00 €
11-00-097-HH-000	Fundación Globo San Roque	19.698,79 €	20.329,15 €	630,36 €
			0,00 €	0,00 €
TOTAL		12.387.708,69 €	12.484.482,46 €	96.773,77 €

Entidade		Exercicio 2026		
Código	Denominación	Estimación de Gasto Computable a liquidación aplicadas as medidas do PEF	Límite da regra de gasto do PEF	Cumprimento /incumplimento regula gasto PEF
11-15-009-AA-000	Betanzos	13.256.458,17 €	13.314.369,57 €	57.911,39 €
		0,00 €	0,00 €	0,00 €
11-00-097-HH-000	Fundación Globo San Roque	19.698,79 €	20.348,85 €	650,06 €
		0,00 €	0,00 €	0,00 €
TOTAL		13.276.156,96 €	13.334.718,42 €	58.561,45 €

V. CONCLUSIÓN

Á vista do contido deste plan exposto nos apartados anteriores, formulo as seguintes conclusións:

- No informe emitido pola Intervención municipal en relación á Liquidación do exercicio 2024 constatouse o incumprimento do principio de estabilidade orzamentaria e da regra de gasto regulada no artigo 12 da LOEPSF.
- Como consecuencia do anterior, e dando cumprimento ao previsto no artigo 21 da LOEPSF, esta Alcaldía formula o presente plan económico financeiro para a súa aprobación polo Pleno do Concello.
- Considérase que unha vez aplicadas as medidas contidas no presente plan, o Concello de Betanzos cumprirá co obxectivo de estabilidade orzamentaria e da regra do gasto ao final do exercicio 2025 e 2026, con ocasión da aprobación da liquidación dos mencionados exercicios. Estímase entón que nese momento se producirá unha situación de equilibrio ou de superávit en termos de contabilidade nacional. Tamén se estima un volume de débeda viva será inferior o legalmente previsto como límite.

Betanzos, documento asinado electronicamente

A alcaldesa, María Barral Varela"

Betanzos, 7 de novembro de 2025

A Alcaldesa, María Barral Varela